

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 2859** *Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro, e 1625/2011, do 14 de novembro.*

A cría de animais de razas puras constitúe un elemento fundamental da gandaría polas súas implicacións económicas, sociais e ambientais. Neste sentido, as razas autóctonas gandeiras constitúen unha fonte de ingresos para a poboación agraria, que se ve favorecida polo uso de animais de alto valor xenético que contribúen a un incremento da rendibilidade e competitividade da súa produción, mellorando o seu posicionamento no mercado.

Por outro lado, a busca de concorrencia ou de produtividade non se debe converter nunha ameaza para as razas autóctonas que non son altamente produtivas pero que contan con características de resistencia e rusticidade que lles confiren gran capacidade de adaptación a contornos ambientais, ao cambio climático e de resistencia a enfermidades e ás demandas do consumidor orientadas a produtos de calidade resultantes de sistemas de produción respectuosos co ambiente e co benestar animal; así, precisan especial atención as razas ameazadas, que constitúen un relevante depósito de xenes que poden contribuír aos obxectivos mencionados.

Para dar resposta a esta preocupación na sociedade, no marco dos programas de cría e na definición dos seus obxectivos debe adquirir importancia a recompilación de datos sobre as características alternativas, relacionadas directa ou indirectamente cos seus valores e usos, así como a eficiencia e sustentabilidade destes recursos.

Estas razas non só contribúen ao desenvolvemento rural, á fixación da poboación en zonas rurais e á preservación do patrimonio zootécnico nacional e da biodiversidade, senón que, ademais, son esenciais para o desenvolvemento sustentable do sector gandeiro, xa que as diversas condicións climatolóxicas e orográficas en España contribuíron a converter o noso país nun dos países europeos con maior diversidade biolóxica. No entanto, a variedade e continuidade de moitas das razas gandeiras a nivel mundial e nacional viuse ameazada nos últimos anos polo abandono da súa explotación, o que conduciu á adopción de medidas e a numerosos informes e acordos internacionais.

Así, cómpre destacar os compromisos adquiridos polo noso país coa sinatura do instrumento de ratificación do 16 de novembro de 1993 do Convenio sobre diversidade biolóxica, que recoñece os dereitos soberanos dos Estados sobre os seus recursos naturais, e o Plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade 2011-2017, aprobado polo Real decreto 1274/2011, do 16 de setembro, en aplicación da Convención de Diversidade Biolóxica e o compromiso do Reino de España para o desenvolvemento do Plan de acción mundial para os recursos zootécnicos da FAO, acompañado da Declaración de Interlaken do ano 2007 e a ratificación do Protocolo de Nagoia en 2014, que marca o establecemento dun novo sistema e unhas novas normas internacionais, europeas e nacionais en relación co acceso aos recursos xenéticos e coa repartición xusta e equitativa dos beneficios que deriven da súa utilización.

En España, a importancia da selección e conservación das razas gandeiras viuse reflectida na numerosa normativa nacional e europea, que permitiu regular e apoiar desde as administracións as actuacións relacionadas coa ordenación das poboacións gandeiras presentes no territorio nacional.

Así, e por mencionar a normativa marco máis recente, na cal se incorporaron e se sistematizaron todas as normas zootécnicas das diversas especies, no ano 2008 aprobouse o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, que se constituíu como o eixe fundamental para as razas puras e para a aplicación das normas zootécnicas europeas, que estaban incorporadas a el, coa excepción das referentes aos porcinos reprodutores híbridos que, dada a súa especificidade, mantiveron normativa propia a través do Real decreto 1108/1991, do 12 de xullo, sobre normas zootécnicas aplicables aos reprodutores porcinos híbridos.

Polo tanto, nos últimos anos, grazas a esta norma e ao plan de acción polo que se desenvolveron as liñas de actuación do Programa nacional, produciuse un grande avance no noso país para a modernización do sector das razas puras e apoiáronse desde as administracións as actuacións relativas ás asociacións de criadores, os libros xenealóxicos, a admisión para a cría e as pautas para o control de rendementos e avaliación do valor xenético de diferentes especies, con vistas, por un lado, a harmonizar os intercambios intracomunitarios e a importación de animais de raza pura e o seu material reprodutivo e, por outro lado, a garantir o mantemento e a mellora dos nosos recursos.

Por outra banda, en xuño de 2016 aprobouse o Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, relativo ás condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría, o comercio e a entrada na Unión de animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, e polo que se modifican o Regulamento (UE) n.º 652/2014 e as directivas 89/608/CEE e 90/425/CEE do Consello e se derrogan determinados actos no ámbito da cría animal («Regulamento sobre cría animal»). Este novo marco normativo compila, no ámbito europeo, a normativa comunitaria en materia de zootecnia para as diversas especies e razas puras, incluído o porcino híbrido, para unificar as condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría de todos os animais incluídos no seu ámbito de aplicación.

Este real decreto responde, polo tanto, á necesidade de adaptar e actualizar o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, ás modificacións introducidas polo novo marco legal europeo, mantendo as particularidades propias estruturadas verbo do Programa nacional de conservación, mellora e fomento de razas gandeiras e regulando aqueles aspectos que garanten o respecto dos compromisos adquiridos en materia de zootecnia polo noso país no ámbito internacional.

Resulta, polo tanto, imprescindible manter certas especificidades de carácter nacional, non reguladas pola normativa comunitaria, tales como as relativas ao Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, ao Sistema nacional de información de razas, á reprodución e bancos de xermoplasma, ao recoñecemento de laboratorios de xenética molecular animal, centros cualificados de xenética animal e designación de centros nacionais de referencia, aos programas de difusión da mellora e certames de gando, á Comisión Nacional de Zootecnia, así como establecer as condicións zootécnicas para a cría das razas de especies non reguladas polo Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016. Igualmente, cómpre manter e actualizar a estrutura e o contido do Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, e que as administracións públicas fomenten unha serie de actividades que realizarán as asociacións de criadores.

Así, cabe destacar como unha parte da norma que agora se aproba responde ao marco normativo europeo, de directa aplicación desde 2016, pero que se complementa de modo clave con previsións estritamente nacionais en que o Reino de España exerce a súa soberanía co fin de actuar a modo de correlato lóxico interno para o fomento e coidado destas razas, sempre dentro das habilitacións realizadas pola normativa europea e o exercicio competencial que lle é propio. Por todos, pódese destacar como os artigos 15 a 25 ou o 28 responden sen dificultade a esta formulación, igual que o artigo 26, ao cal se fará referencia máis adiante.

Neste sentido, o presente real decreto compila, actualiza e adapta o previamente regulado mediante o Real decreto 2129/2008, no referente ás liñas do Programa nacional

para adecualas ás novas necesidades, ao progreso técnico-científico, aos novos condicionantes gandeiros no ámbito zootécnico e, principalmente, ao futuro enfoque que representa o novo regulamento comunitario.

En consecuencia, considérase clave o mantemento do Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, que permite o inventariado das razas gandeiras no plano nacional e a súa actualización mediante este real decreto para adecuar a clasificación aos criterios internacionais, cuxa adecuada xestión se garante a través dos traballos da Comisión Nacional de Zootecnia (antiga Comisión Nacional de Coordinación para a conservación, mellora e fomento de razas gandeiras), órgano interadministrativo de análise e coordinación de actividades zootécnicas, que se mantén, aínda que actualizada nas súas funcións, para que as autoridades competentes nesta materia informen, definan e coordinen os procedementos e as especificidades técnicas para a aplicación do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e deste real decreto.

A garantía dunha adecuada xestión dos programas de cría, o control e seguimento do cumprimento do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e deste real decreto, así como o cumprimento de certas obrigas e acordos internacionais, non se poderían conseguir sen unha estreita colaboración entre as autoridades competentes e un compromiso de respectar o establecido na normativa europea e no presente real decreto por parte das asociacións de criadores recoñecidas en España.

Neste sentido, considérase fundamental o papel que desenvolven estas asociacións, que velan pola coherencia das accións que concorren na conservación, mellora e fomento da raza que xestionan para acadar os obxectivos do programa de cría e que establecen os mecanismos necesarios para acadar un uso sustentable dela. No dito labor é esencial que dispoñan e manteñan unha base de datos ou sistema informatizado de xestión de datos que permita o rexistro adecuado de xenealoxías e garanta a capacidade de rexistrar, comunicar e utilizar datos no seu programa de cría. Deben, pola súa vez, certificar os aspectos raciais e garantir o acceso á dita base de datos ao persoal das autoridades competentes responsables dos controis oficiais, permitindo así a avaliación de risco, o seguimento da raza, a comprobación de cumprimento de obrigas das asociacións e as actividades de control oficial e control técnico da raza, ademais de poder incorporar a información no Sistema nacional de información de razas (ARCA) e na base de datos internacional DAD-IS. Por outro lado, o fomento da integración de datos dos programas de cría para a mesma raza garantizará a coherencia en canto ás características esenciais da raza e os obxectivos principais do programa, evitando así a perda de eficiencia en progreso xenético ou a perda de variabilidade xenética, pola posible fragmentación das poboacións, ademais de favorecer a comparación válida entre animais sometidos a controis de rendemento.

Polo demais, o Regulamento (UE) 2016/1012 derroga determinados actos sobre cría animal (as directivas 87/328/CEE, 88/661/CEE, 89/361/CEE, 90/118/CEE, 90/119/CEE, 90/427/CEE, 91/174/CEE, 94/28/CE e 2009/157/CE, así como a Decisión 96/463/CE), polo que procede derrogar os reais decretos nacionais que traspoñían as citadas directivas (ademais do citado Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro; Real decreto 1108/1991, do 12 de xullo, sobre normas zootécnicas aplicables aos reprodutores porcinos híbridos; Real decreto 52/1995, do 20 de xaneiro, polo que se establecen os principios relativos ás condicións zootécnicas e xenealóxicas aplicables á importación de animais, esperma, óvulos e embrións procedentes de terceiros países, e o Real decreto 391/1992, do 21 de abril, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de animais de raza que leven ou creen libros xenealóxicos).

Así mesmo, o citado regulamento modifica as directivas 89/608/CEE e 90/425/CEE do Consello. Procede, polo tanto, a modificación da normativa nacional que as traspuxo (o Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios e zootécnicos aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos con vistas á realización do mercado interior, e o Real decreto 1438/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen as condicións relativas

á asistencia mutua entre as autoridades administrativas dos Estados membros da CEE e a colaboración entre estes e a Comisión para asegurar unha boa aplicación das lexislacións veterinaria e zootécnica), eliminando en ambos, en liña co previsto na normativa citada da Unión Europea, todas as referencias á lexislación zootécnica. Do mesmo xeito, modifícase o Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, para a súa adaptación á antes citada normativa da Unión Europea.

Por outra parte, neste real decreto regúlanse as entidades e os centros que van desenvolver un gran papel de apoio ás asociacións para a aplicación e o aval dos programas de cría, como son os laboratorios e centros de xenética e os centros de reprodución e bancos de xermoplasma, para a preservación futura dos nosos recursos coa creación da Rede española de bancos de xermoplasma, así como a posible designación de centros nacionais de referencia.

Estas actuacións son fundamentais para todas as razas autóctonas e, en particular, para aquelas con maior grao de ameaza e risco de desaparición, que están definidas no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e que son obxecto de diversas excepcións para a súa regulación por parte das asociacións.

Así mesmo, os progresos e logros alcanzados no marco dos programas de cría carecerían de sentido se non tivesen como meta a propagación da mellora lograda no núcleo de selección ao resto da poboación da raza en cuestión e ao resto do gando. Por iso, nesta norma mantéñense os mecanismos de difusión da mellora, entre os cales figuran os certames de gando selecto, normativa nacional de complemento do marco xeral indicado.

O artigo 1.5 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, permite aos Estados membros que poidan adoptar medidas nacionais para regular a aplicación de programas de cría non aprobados de acordo co establecido na dita norma. Así, no artigo 26 do real decreto establécense os requisitos para o recoñecemento de asociacións, a aprobación de programas de cría e as obrigas que deberán cumprir as asociacións de criadores que xestionen razas de especies non reguladas pola normativa europea.

Para o seguimento e a supervisión das actividades e obrigas establecidas na normativa zootécnica comunitaria e nacional, así como para colaborar coas autoridades competentes, o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, estableceu o control técnico da raza e este levouse a cabo na Administración xeral do Estado a través da figura do inspector de raza. Esta sistemática de control técnico mantense pero con novas orientacións, xa que se vai implantar o Plan coordinado de control oficial en materia de zootecnia, para incorporar o control oficial regulado no capítulo X do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

Con ese obxectivo, e de acordo coas competencias das comunidades autónomas, mediante este real decreto descentralízanse determinadas actuacións zootécnicas de carácter executivo, refórzanse as medidas de coordinación e establécense criterios que garantan a homoxeneidade necesaria para a aplicación uniforme e estandarizada do Programa nacional en todo o noso territorio nacional, proporcionando aos gandeiros, a través das asociacións de criadores, a información necesaria para o seu desenvolvemento e integrando todas as administracións, centros e entidades que poidan contribuír á súa correcta execución. Todo isto cunha vontade decidida de fomento deste sector, cuxas liñas de axuda para as razas autóctonas están reguladas mediante diversas bases, ben con fondos nacionais, ben cofinanciados a través dos programas de desenvolvemento rural.

Por outra parte, cabe destacar que concorren as circunstancias que xustifican o rango desta disposición de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional desde a STC 69/1988, do 19 de abril, FX 5, dado o carácter eminentemente técnico do seu contido.

O contido do presente real decreto axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na

necesidade de adecuar a nosa normativa á da Unión Europea. As autorizacións son as previstas na normativa da Unión Europea, considerándose os correspondentes requisitos de acordo co ordenamento xurídico español e a situación das razas no noso país e fomentando, ao compilar nunha soa norma, a seguridade xurídica.

Na tramitación do presente real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa prevista no artigo 26.5, parágrafo quinto, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as disposicións específicas de aplicación no Reino de España do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, relativo ás condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría, o comercio e a entrada na Unión de animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, e polo que se modifican o Regulamento (UE) n.º 652/2014 e as directivas 89/608/CEE e 90/425/CEE do Consello e se derrogan determinados actos no ámbito da cría animal («Regulamento sobre cría animal»), e dos regulamentos que o desenvolven, así como a actualización do Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras (en diante, Programa nacional), para adaptarse a esa normativa comunitaria, ademais de regular as especificidades nacionais en materia de zootecnia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación:

a) A todos os operadores de acordo coa definición regulada no artigo 2 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e aos animais reprodutores de raza pura da especie bovina, porcina, ovina, cabrúa e equina e aos seus materiais reprodutivos.

b) Aos animais reprodutores porcinos híbridos e ao seu material reprodutivo, coas excepcións previstas para as empresas privadas que operen en sistemas de produción pechados de acordo co artigo 1.4 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

c) Aos operadores e aos animais de raza pura doutras especies incluídas no Catálogo oficial de razas de gando de España e ás asociacións de criadores que os xestionan nas condicións previstas neste real decreto.

d) Aos centros, laboratorios, explotacións e instalacións regulados neste real decreto.

e) Ás administracións públicas competentes na aplicación deste real decreto.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 2 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016. Ademais, entenderase por:

a) Catálogo Oficial de Razas de Gando de España: aquel que contén a relación oficial e a clasificación de todas as razas gandeiras recoñecidas e utilizadas en España

polo seu interese económico, produtivo, cultural, ambiental ou social, destinadas a ser obxecto dun programa de cría e que se recollen no anexo I, de acordo coas seguintes categorías:

1.º Razas autóctonas: todas aquelas razas orixinarias de España de protección especial e de carácter máis local, que deben ser conservadas como patrimonio xenético español para favorecer a súa expansión e evitar o seu abandono e extinción, ao dispoñer na súa maioría de escasos censos de poboación e estar sometidas a factores de risco, con diversos graos de ameaza.

2.º Razas integradas: aquelas razas foráneas procedentes da Unión Europea ou de países terceiros que, tras un período de explotación en España, están contrastadas, con xenealoxía e controis de rendemento, e dispoñen dun censo suficiente para levar a cabo un programa de cría, tendo demostrado a súa adaptación ao contorno ambiental e ás condicións e sistemas de produción españois.

3.º Outras razas recoñecidas en España: aquelas razas que foron caracterizadas e desenvolvidas en España con distintas influencias xenéticas, que teñen un obxectivo funcional ou produtivo definido nun programa de cría, con censo suficiente para desenvolvelo e que non cumpren os requisitos para se incorporaren ao resto das categorías do Catálogo oficial.

b) Encaste, estirpe ou variedade: subpoboación pechada xeneticamente estable e uniforme de animais reprodutores dunha raza concreta, que foi creada a base de illamento reprodutivo, sempre con determinados individuos desa raza, sen introdución de material xenético distinto, polo menos por un mínimo de cinco xeracións.

c) Asociacións de criadores: sociedades de criadores de razas puras e sociedades de criadores de porcinos híbridos de acordo co establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e outras entidades que poidan ser recoñecidas a nivel nacional para outras especies.

d) Programa de cría: conxunto de actuacións sistematizadas, entre as cales se inclúen o rexistro, a selección, a cría e o intercambio de animais reprodutores e do seu material reprodutivo, deseñadas e aplicadas para conservar e/ou mellorar as características fenotípicas e/ou xenotípicas desexadas na poboación reprodutora obxectivo. A súa finalidade poderá ser a conservación, a mellora, a reconstrución ou a creación dunha raza, ou unha combinación das ditas finalidades. Polo tanto, deben conter as disposicións que afectan tanto o libro xenealóxico coma as actividades dirixidas á consecución da súa finalidade.

e) Cualificación morfolóxica: procedemento mediante o cal xuíces ou técnicos en morfoloxía designados no marco do programa de cría avalían a adecuación dun exemplar ás características detalladas da raza. En caso de tratarse dunha cualificación morfolóxica lineal, basearase na asignación dun valor axustado á escala biolóxica de rexións ou zonas corporais, de acordo co establecido no programa de cría da raza e tendo como obxectivo a avaliación xenética da rexión ou zona considerada.

f) Explotación colaboradora: toda explotación gandeira que participa activamente nas actuacións que o programa de cría prevexa para ela, de acordo cos seus obxectivos e coa aptitude de cada raza, e que contribúe positivamente á súa conservación e/ou ao seu progreso xenético.

g) Centro de testaxe: calquera explotación gandeira, entidade ou instalación, recoñecida oficialmente pola comunidade autónoma onde se sitúe, que no marco dun programa de cría aprobado se utiliza para a realización de controis de rendemento do gando, garantindo unhas condicións ambientais e de manexo comúns a todos os exemplares e unha recollida de información homoxénea e de acordo cos requisitos establecidos no capítulo V do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e neste real decreto.

h) Control de rendementos: conxunto de actuacións destinadas a comprobar sistematicamente as producións e aptitudes funcionais dos animais e a recoller calquera outra información válida para a determinación do valor xenético e dos méritos dos

reprodutores, no marco dun programa de cría de acordo cos requisitos establecidos no capítulo V do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e neste real decreto.

i) **Avaliación xenética:** o conxunto de operacións realizadas sobre a poboación en control de rendementos e rexistro de xenealoxías, que permitan a obtención de valores xenéticos individuais para os caracteres obxectivo establecidos no programa de cría, xunto coa fiabilidade destes. A avaliación xenética dos reprodutores permitirá clasificalos polos seus valores e méritos xenéticos co fin de que o gandeiro conte coa información que lle permita seleccionar os mellores como proxenitores das seguintes xeracións.

j) **Animal mellorante:** aquel que foi sometido a unha avaliación xenética no marco do programa de cría e que ten un valor xenético por riba dos limiares establecidos no dito programa coa fiabilidade mínima e requisitos que neste se defina.

k) **Laboratorio de xenética molecular animal:** todo laboratorio público ou privado recoñecido oficialmente, cos medios e infraestrutura adecuados para levar a cabo análises xenéticas ou intervencións sobre o xenoma dos animais para actuacións previstas nos respectivos programas de cría, tendo en conta os avances técnicos e as recomendacións internacionais dos centros de referencia da Unión Europea, o ICAR (Comité Internacional de Control do Rendemento Gandeiro) ou a Sociedade Internacional de Xenética Animal (ISAG).

l) **Centro cualificado de xenética:** calquera entidade pública ou privada recoñecida oficialmente para levar a cabo a avaliación xenética de animais e/ou as análises dos parámetros xenéticos previstos nun programa de cría, así como para o asesoramento científico ás asociacións de criadores, que conta con suficientes recursos materiais e persoais, experiencia e formación técnica para o desenvolvemento das ditas funcións.

m) **Centro de reprodución:** calquera centro ou equipo de recollida, produción e almacenamento de material reprodutivo oficialmente autorizado de acordo coa normativa comunitaria e nacional, para a súa utilización nas distintas técnicas de reprodución gandeira no marco dos programas de cría das razas de gando.

n) **Banco de xermoplasma:** colección de material xenético (esperma, oocitos, embrións, células somáticas ou ADN) recoñecida oficialmente no marco do programa de cría, cuxa finalidade sexa a conservación *ex situ* ou o uso sustentable das razas puras de gando.

ñ) **Difusión da mellora:** calquera actividade desenvolvida para a propagación no resto da poboación do progreso xenético obtido nos programas de cría.

o) **Certame de gando selecto:** calquera concentración de animais reprodutores que teña como fin a súa venda en calquera modalidade, a súa participación nun concurso, a súa simple exposición ou unha combinación das anteriores alternativas para difundir a mellora. Poderán existir certames con carácter virtual ou telemático, sen presenza física dos animais.

p) **Control técnico dunha raza:** outras actividades oficiais cuxos obxectivos son a comprobación, polos medios que a autoridade competente determine, da situación da raza e a colaboración no seguimento e efectividade do programa de cría e actuacións que desenvolven as asociacións para esa raza, así como a realización doutras actuacións de soporte técnico ás autoridades competentes, ademais de contribuír, no caso de solicitalo a autoridade competente, ao control oficial. No caso das asociacións recoñecidas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o control técnico da raza poderase levar a cabo, entre outros medios, a través dun inspector da raza, funcionario designado para estes efectos, que desenvolverá as funcións definidas no artigo 30. As comunidades autónomas poderán designar un inspector de raza para estes efectos para as asociacións recoñecidas no seu ámbito competencial.

q) **Centros nacionais de referencia:** aqueles cos medios adecuados e experiencia contrastada en materia de zootecnia, que pode designar o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que actúen no marco do Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, colaborando na harmonización e proposta de actuacións zootécnicas para o desenvolvemento de cada sector en todo o territorio nacional e na

realización doutros aspectos de interese relacionados coas razas e co seu material xenético.

Artigo 4. *Competencias.*

A distribución de competencias para as actividades establecidas no artigo 2.8 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, así como para outras actividades oficiais reguladas neste real decreto, será a seguinte:

1. As comunidades autónomas serán as autoridades competentes para o recoñecemento das asociacións de criadores, para a aprobación dos programas de cría, a realización de controis oficiais dos operadores e outras actividades oficiais e a xestión dun programa de cría de acordo co artigo 38 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, nos casos en que teñan atribuídas as ditas competencias nos seus ámbitos territoriais, de acordo co artigo 9 deste real decreto.

Así mesmo, as comunidades autónomas serán as autoridades competentes para o recoñecemento de bancos de xermoplasma, laboratorios de xenética molecular animal, centros de testaxe e centros cualificados de xenética animal, así como para a aplicación e o desenvolvemento de todas as liñas englobadas no Programa nacional de acordo co presente real decreto nos seus respectivos ámbitos de competencia.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación será a autoridade competente para o recoñecemento das asociacións, a aprobación dos programas de cría, a realización de controis oficiais dos operadores e outras actividades oficiais no seu ámbito competencial e a xestión dun programa de cría de acordo co artigo 38 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, nos casos en que teña atribuídas as ditas competencias de ámbito nacional, de acordo co artigo 9 deste real decreto.

Así mesmo, terá competencias en materia de:

a) Creación e mantemento dunha lista de asociacións conforme o artigo 7 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

b) Recoñecemento do Banco Nacional de Xermoplasma Animal, así como de laboratorios de xenética molecular animal e centros cualificados de xenética animal, cando estes sexan dependentes da Administración xeral do Estado, e designación de centros nacionais de referencia.

c) Controis zootécnicos no momento da entrada na Unión Europea.

d) Coordinación e interlocución coa Comisión e co resto dos Estados membros no recoñecemento de asociacións e autorización de programas de cría. Especificamente, realizará a interlocución coas asociacións recoñecidas noutros Estados membros que leven a cabo no Reino de España un programa de cría e coa autoridade competente que recoñeceu as ditas entidades noutro Estado membro para actuacións reguladas no artigo 12 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

Así mesmo, realizará a interlocución coas autoridades competentes dos Estados membros aos cales asociacións recoñecidas no Reino de España pretendan estender o seu programa de cría.

e) Colaboración coa Comisión nos controis que realice de acordo co artigo 55 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

f) Prestación de asistencia a outros Estados membros e a terceiros países en caso de detección de incumprimentos.

g) Interlocución para os centros de referencia da Unión Europea.

h) Interlocución con organismos internacionais en materia de zootecnia.

i) Coordinación, rexistro, publicidade e desenvolvemento das funcións que lle corresponden a nivel nacional para a aplicación homoxénea do Programa nacional en todo o territorio nacional.

j) Creación e mantemento da lista de autoridades competentes do control oficial e para efectos de notificacións, de acordo co artigo 39 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

CAPÍTULO II

Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras

Artigo 5. *Contido.*

O Programa nacional comprende, como mínimo, as seguintes actuacións:

a) Caracterización e clasificación das razas para a súa inclusión no Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, así como das súas diferentes variedades.

b) Recoñecemento de asociacións de criadores.

c) Aprobación de programas de cría levados polas asociacións de criadores.

d) Desenvolvemento dun sistema nacional de información e bases de datos para a xestión e divulgación das razas.

e) Creación e rexistro de centros de reprodución, bancos de xermoplasma, así como a creación e coordinación da Rede española de bancos de xermoplasma.

f) Recoñecemento oficial de laboratorios de xenética molecular animal, centros de testaxe, centros de xenética cualificados e designación de centros nacionais de referencia.

g) Aprobación e desenvolvemento dos programas de difusión da mellora e a celebración de certames gandeiros.

h) Establecemento e designación dos órganos de análise e coordinación de actividades zootécnicas.

i) Medidas específicas para promover as razas autóctonas e os seus produtos, como o Real decreto 505/2013, do 28 de xuño, polo que se regula o uso do logotipo «raza autóctona» nos produtos de orixe animal.

j) Impulso de medidas que estimulen a investigación, a innovación, o asesoramento e a capacitación en calquera das liñas do programa para favorecer o intercambio de experiencias e coñecementos a nivel nacional e internacional, no marco dos plans de acción da FAO ou da Unión Europea.

k) Fomento das razas gandeiras do Catálogo Oficial de Razas de Gando de España e liñas de axudas ao Programa nacional, de acordo coas regulacións e dispoñibilidades orzamentarias das autoridades competentes.

Sección 1.^a Catálogo Oficial de Razas de Gando de España

Artigo 6. *Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.*

1. A relación de razas do catálogo oficial figura no anexo I deste real decreto.

2. O recoñecemento, a clasificación e a incorporación de razas no catálogo oficial realizarase de acordo cos procedementos establecidos para estes efectos pola Comisión Nacional de Zootecnia prevista no artigo 25, que incluírán, en todo caso, a presentación e a análise da documentación da correspondente raza, así como o seu preceptivo informe técnico e posterior publicidade no Sistema nacional de información previsto no artigo 12.

*Sección 2.ª Recoñecemento de asociacións e aprobación de programas de cría**Artigo 7. Recoñecemento das asociacións.*

1. O recoñecemento oficial das asociacións e os seus requisitos está regulado no artigo 4 e na parte I do anexo I do Regulamento (UE) 2016/1012. Na súa virtude, as asociacións de criadores deberán presentar na súa solicitude a acreditación do cumprimento dos ditos requisitos conforme o establecido nos procedementos que ao respecto se adopten no seo da Comisión Nacional de Zootecnia prevista no artigo 25. Os ditos procedementos serán publicados no «Boletín Oficial del Estado», como resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dará publicidade deles a través do Sistema nacional de información previsto no artigo 12.

2. No caso de que a asociación de criadores non cumpra os requisitos establecidos no artigo 4 e na parte I do anexo I do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, a autoridade competente poderá denegar o recoñecemento, segundo prevé o artigo 5 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

3. Retirarase o recoñecemento dunha asociación de criadores cando a autoridade competente denegue a aprobación do programa de cría presentado por ela e non presentase nin dispoña doutro programa de cría, de acordo co artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, así como no caso de detección de incumprimentos de forma repetida, continuada ou xeral dos requisitos necesarios para o dito recoñecemento, en virtude do artigo 47.1.e) do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, ou se se comproba que a información ou documentación con base na cal se outorgou o recoñecemento oficial era falsa ou inexacta.

4. O procedemento de retirada do recoñecemento poderase iniciar de oficio, por denuncia ou por petición razoada. Unha vez iniciado este, concederáselle á asociación de criadores un prazo non inferior a quince días para que realice as alegacións que xulgue oportunas ou propoña a proba de que pretenda valerse. Finalizada a proba, ou consideradas as alegacións, emitirase proposta de resolución, que será sometida á audiencia correspondente. O prazo máximo para resolver sobre a retirada do recoñecemento será de seis (6) meses. No caso de non se ditar e notificar resolución expresa no dito prazo, producirase a caducidade do procedemento.

5. No caso de que xa exista unha ou varias asociacións de criadores de razas puras oficialmente recoñecidas para levar a cabo un programa de cría nunha raza, calquera outra sociedade que solicite o seu recoñecemento oficial deberá acreditar o cumprimento dos requisitos previstos neste artigo. Así mesmo, o seu programa de cría non deberá poñer en perigo o programa xa autorizado para esa mesma raza conforme o establecido no artigo 10 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

6. No caso de que exista máis dunha asociación de criadores oficialmente recoñecida para a xestión do programa de cría para unha mesma raza, coordinaranse os obxectivos principais e os riscos esenciais das características da raza definidas nel. Calquera discrepancia en relación con estes aspectos entre as asociacións recoñecidas, as súas bases de datos, a execución do programa de mellora ou a modificación do citado programa, para evitar a perda de eficiencia en termos de progreso xenético, resolveraa, logo de informe da Comisión Nacional de Zootecnia, o órgano competente que outorgou o recoñecemento oficial, cuxa decisión será obrigatoria para as asociacións, sen prexuízo do réxime legal de recurso administrativo ou contencioso-administrativo que proceda.

Artigo 8. Aprobación dos programas de cría.

1. A autoridade competente avaliará e aprobará os programas de cría presentados polas asociacións de criadores recoñecidas sempre e cando reúnan os requisitos

establecidos no artigo 8 e no anexo I, parte 2, do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e, para a especie equina, o anexo I, parte 3, onde figuran os requisitos e as condicións de aprobación dos programas de cría.

2. Así mesmo, e sen prexuízo dos requisitos para a aprobación de programas de cría e do contido que deben reunir de acordo co Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, a autoridade competente solicitará, no caso das asociacións de criadores de razas puras, que os ditos programas conteñan o seguinte:

a) As características da raza que constitúen o prototipo racial, xunto co sistema de cualificación morfolóxica dela, se o houber.

b) A relación de explotacións colaboradoras, sendo obrigatoria a participación de todos os gandeiros, no caso de que o programa de cría teña como finalidade a conservación ou reconstrución da raza.

c) A relación dos centros de reprodución e bancos de xermoplasma que colaboran no programa de cría, con indicación expresa de se existe ou non autorización por parte da asociación de criadores para que estes centros expidan o certificado zootécnico, de acordo co previsto no artigo 31 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

d) A relación dos centros de testaxe, laboratorios de xenética molecular animal, centros cualificados de xenética e información doutras entidades designadas pola asociación de criadores para a realización de actividades técnicas específicas do programa de cría que, no caso de seren externalizadas a terceiros, deben garantir que cumpren as condicións do artigo 8 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

e) No caso dos programas de selección e para as probas de control de rendementos ou avaliación xenética do programa de cría deberase proporcionar a información sobre os sistemas utilizados para xerar, rexistrar, comunicar e utilizar os resultados das probas de control de rendementos, ademais do sistema de rexistro de caracteres e datos recollidos e os sistemas de avaliación xenética e, de ser o caso, da avaliación xenómica dos animais. O rexistro destes caracteres debe facilitar a conexión entre gandarías e unha estimación fiable dos valores xenéticos para unha comparación válida entre os animais reprodutores.

f) Para os programas de conservación, ademais deberase proporcionar información sobre os mecanismos para garantir a conservación *in situ* e *ex situ* dos animais e o seu material xenético e medidas para evitar un incremento excesivo da consanguinidade, para o mantemento da variabilidade xenética e a sustentabilidade a longo prazo da raza.

g) No caso de asociacións que incorporen no seu programa de cría medidas para incrementar as resistencias ás encefalopatías esponxiformes transmisibles, información relativa ao dito programa de selección, de acordo coa lexislación vixente.

h) As especificidades e orientacións establecidas para os programas de cría mediante os procedementos que se desenvolvan no seo da Comisión Nacional de Zootecnia para cada finalidade.

3. A estrutura dos libros xenealóxicos, a inscrición e o rexistro dos animais nos libros xenealóxicos e o rexistro de porcinos reprodutores híbridos en rexistros xenealóxicos, así como a admisión dos animais para a reprodución, realizaranse de acordo co capítulo IV do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e o seu anexo II.

4. As probas de control de rendementos e avaliación xenética deberanse levar a cabo conforme o establecido no capítulo V do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e no seu anexo III. Así mesmo, as asociacións de criadores deberán cumprir coas obrigas relativas ao control de rendementos e avaliación xenética establecidas no artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

5. Malia o establecido no punto anterior, no caso do control oficial de rendimento leiteiro, as probas de control de rendimento terán en conta o establecido no Real decreto

368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética das especies bovina, ovina e cabrúa, no que non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e ás demais normas que sexan de aplicación.

6. Sen prexuízo dos programas de probas de control de rendementos establecidos no anexo III do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, as probas de control de rendementos poderanse efectuar sobre a base doutros programas de probas diferentes e incorporar outros caracteres, sempre que se efectúen conforme métodos cientificamente aceptables de acordo coa parte I do dito anexo III ou criterios no ámbito nacional. Así, recoñeceranse e autorizaranse como outros programas de probas de control de rendemento os seguintes:

a) Nos équidos, os programas de probas de control de rendementos poderanse realizar a través das seguintes probas e de acordo co establecido na Orde APA/1018/2003, do 23 de abril, pola que se establecen os requisitos básicos para os esquemas de selección e controis de rendementos para a avaliación xenética dos équidos de raza pura, sen prexuízo do previsto no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, para os programas de cría na especie equina e de acordo coas normas internacionais e, de ser o caso, cos principios establecidos pola asociación de criadores que leva o libro xenealóxico orixinal da mesma raza:

- 1.º Probas de selección de cabalos novos para as diversas disciplinas e aptitudes.
- 2.º Probas de rendemento realizadas en centros de testaxe ou probas de campo.
- 3.º Probas para a valoración morfolóxica, funcional ou de comportamento e outras aptitudes para as diversas disciplinas hípcas ou orientadas ao obxectivo de selección.
- 4.º Laboratorios ou centros de locomoción.

b) Outras modalidades de control de rendementos definidas e aprobadas pola autoridade competente para o rexistro de diferentes caracteres, segundo os obxectivos de selección, que afecten outro tipo de producións e razas incorporadas no catálogo oficial, como pode ser a aptitude para a lida ou as aptitudes das especies aviares.

7. A sistemática de verificación do cumprimento de requisitos para a aprobación de programas de cría poderá ser revisada co fin de ter en conta recomendacións e compromisos internacionais, así como as contribucións dos centros de referencia da Unión Europea designados de acordo co artigo 29 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

Artigo 9. Competencias para o recoñecemento de asociacións, aprobación do programa de cría e control oficial de operadores.

1. A autoridade competente para o recoñecemento das asociacións de criadores, aprobación dos programas de cría e control oficial das asociacións de criadores que presenten a súa solicitude a partir da entrada en vigor deste real decreto será:

a) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando a asociación de criadores actúe a nivel nacional e o censo de animais da raza pura ou de porcino híbrido de que se trate estea distribuído en, polo menos, tres comunidades autónomas, sempre que o censo na comunidade autónoma predominante non exceda o 60 por cento do total de reproductoras.

b) No resto dos casos, a comunidade autónoma en que radique o maior censo de reproductoras.

c) En caso de integración de asociacións que renunciaren voluntariamente ao seu recoñecemento oficial e xestión do programa de cría en favor dunha nova asociación para a xestión de programas de cría de diferentes razas:

1.º Cando as asociacións a que pertencían os criadores que integran a nova asociación foron recoñecidas pola mesma autoridade competente, será a dita autoridade competente a responsable do recoñecemento da nova asociación resultante.

2.º Cando as asociacións a que pertencían os criadores integrantes da nova asociación foron recoñecidas por distintas autoridades competentes, será o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o responsable do recoñecemento da nova asociación resultante.

2. Cando o recoñecemento oficial da asociación corresponda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o órgano competente será o titular da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do dito ministerio, e o prazo máximo en que se debe ditar e notificar a resolución expresa será de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente.

Transcorrido o dito prazo sen recibir a notificación da resolución, a solicitude de recoñecemento entenderase estimada e a solicitante recoñecida, salvo no caso de que non reúna os requisitos establecidos para iso, en que se observará o artigo 47.1.f) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A autoridade competente para o control oficial das asociacións de criadores e para outras actividades oficiais, de acordo co establecido no artigo 30, será aquela que recoñecese a asociación de criadores e aprobase o seu programa de cría.

4. A autoridade competente para o control oficial do resto de operadores será a comunidade autónoma onde se sitúen. Non obstante, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá colaborar coa comunidade autónoma, se esta o solicita, na inspección daqueles operadores que participen nas actividades reguladas polo Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, de asociacións de criadores recoñecidas no seu ámbito competencial, no ámbito nacional.

Artigo 10. *Representatividade do sector.*

As asociacións de criadores de animais de razas gandeiras poderán constituír federacións, confederacións ou agrupacións que integren varias asociacións que existan recoñecidas oficialmente para diferentes ou mesmas razas, que se designarán xenericamente como asociacións de segundo grao, para efectos de interlocución e representatividade ante as administracións públicas e para establecer os mecanismos que faciliten a homoxénea xestión de tales razas para o seu fomento, conservación e mellora.

Artigo 11. *Fomento das razas gandeiras do catálogo oficial.*

1. Co fin de preservar a diversidade xenética das razas gandeiras en España, asegurar a conservación das razas ameazadas, garantir o seu uso sustentable e favorecer a eficacia dos programas de cría e a difusión da mellora lograda, as administracións públicas poderán promover e fomentar a realización das seguintes actividades por parte das asociacións de criadores de razas puras recoñecidas en España para a xestión de razas do catálogo oficial:

a) O establecemento de métodos para garantir a fiabilidade das xenealoxías mediante controis de filiación dos animais por marcadores xenéticos, que se realizarán polo menos en animais cuxo material reprodutivo sexa utilizado en técnicas de reprodución asistida, así como animais mellorantes e machos valorados en centros de testaxe e destinados á reprodución, e noutros animais que determine a asociación, en función do sistema de produción e nivel de risco.

b) A integración de asociacións dunha ou de diferentes razas que decidan renunciar ao seu recoñecemento oficial individual e á xestión dos seus programas de cría para constituírse como unha nova asociación que integre os criadores das asociacións iniciais e que solicite o seu recoñecemento conforme o establecido no artigo 7. Nestes casos,

sempre que a nova asociación recoñecida oficialmente manfeste a súa conformidade, os programas de cría que xa estivesen aprobados poderán manter a súa aprobación.

c) No caso de que existan distintas asociacións recoñecidas para unha mesma raza, coordinar as actuacións do programa de cría e facilitar a información necesaria e os mecanismos para a integración dos datos correspondentes ao programa de cría nunha soa base de datos xestionada por unha delas ou por un axente público ou privado designado por elas e de acordo coa autoridade competente.

d) A creación dun banco de xermoplasma de acordo co previsto no artigo 15 e o envío dunha copia de seguridade ao Banco Nacional de Xermoplasma Animal, conforme o previsto no artigo 16.

e) Realizar un programa de difusión da mellora tal e como se define no artigo 21.

2. Ningunha destas medidas de fomento será requisito para o recoñecemento dunha asociación de criadores nin para a aprobación dos seus programas de cría no ámbito nacional.

3. Estas medidas de fomento non serán empregadas en ningún caso como impedimento para que as asociacións de criadores recoñecidas noutro Estado membro estendan ao Reino de España o territorio xeográfico de actividade dos seus programas de cría. Tampouco serán un obstáculo que impida o comercio ou a entrada na Unión de animais reprodutores e o seu material reprodutivo.

Sección 3.^a Sistema nacional de información e bases de datos das razas

Artigo 12. Sistema nacional de información de razas.

O Sistema nacional de información de razas (ARCA), para o coñecemento e a xestión das razas, estará adscrito á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa colaboración e a participación das comunidades autónomas e das asociacións de criadores, para o seu uso compartido, e constitúese nunha aplicación informática con tecnoloxía internet/intranet que inclúe unha base de datos informatizada que contén datos para efectos divulgativos, estatísticos e de seguimento, relativos, como mínimo, a:

a) Asociacións de criadores, incluída a ligazón á súa páxina web e usuarios do sistema.

b) Catálogo de razas, coas súas características, clasificación e regulamentacións.

c) Programa de cría, con explotacións, datos do libro xenealóxico e información dos programas de mellora e, de ser o caso, control de rendementos.

d) Programas de difusión da mellora e certames gandeiros.

e) Relación actualizada dos centros de reprodución autorizados no ámbito europeo e nacional (acollidos a excepcións) e bancos de xermoplasma, con información do material xenético producido e/ou almacenado.

f) Listaxe e información de centros cualificados de xenética e rexistro e información de laboratorios de xenética molecular animal.

g) Listaxe e información dos centros de referencia designados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

h) Información do uso do logotipo de raza autóctona e dos seus pregos de condicións.

i) Publicacións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e documentación de interese, así como os procedementos e especificacións técnicas aprobados no seo da Comisión Nacional de Zootecnia para a mellor aplicación do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

j) Información sobre o Plan coordinado de control oficial en materia de zootecnia.

k) Ferramentas de comunicación con outros sistemas e bases de datos.

l) Utilidades para os usuarios.

Artigo 13. *Localización e acceso á información.*

1. O servidor central do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dispoñerá de toda a información recollida no artigo anterior.

2. As administracións competentes posibilitarán o acceso a esa información por medios electrónicos ao resto de usuarios e establecerán distintos niveis de acceso, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección de datos de carácter persoal.

Artigo 14. *Bases de datos e páxina web das asociacións de criadores de razas puras.*

1. As asociacións de criadores de razas puras deberán contar cunha base de datos que permita o rexistro adecuado de xenealoxías e garanta a capacidade de xerar datos para a súa utilización no programa de cría, de acordo co establecido neste real decreto. Así mesmo, as autoridades competentes solicitarán ás asociacións de criadores os datos dos seus programas de cría para a súa incorporación no Sistema nacional de información previsto no artigo 12.

2. A base de datos de cada asociación servirá á autoridade competente para os seguintes fins:

- a) Como fonte de información para o control oficial e a avaliación de risco.
- b) Para a comprobación do cumprimento das obrigas que teñen as asociacións de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e neste real decreto.
- c) Para o seguimento e a avaliación da situación do programa de cría para efectos de recoñecemento e valoración das posibles ameazas.
- d) Para comprobacións específicas para efectos do recoñecemento de asociacións ou ante sospeitas de incumprimentos.

3. No caso de que existan distintas asociacións recoñecidas para unha mesma raza, co fin de asegurar os obxectivos e fins mencionados no punto anterior, e para garantir que non se pon en perigo o programa de cría xestionado pola asociación recoñecida en primeira instancia de acordo cos criterios establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e segundo os procedementos establecidos no seo da Comisión Nacional de Zootecnia, as asociacións poderán integrar os datos correspondentes ao programa de cría nunha soa base de datos xestionada por unha delas, ou por un axente público ou privado designado por elas e de acordo coa autoridade competente.

4. Para diferentes razas que comparten o mesmo obxectivo de selección poderanse constituír bases informáticas comúns que integren a información dos animais que participen nos programas de mellora aprobados. As asociacións implicadas colaborarán no mantemento e na actualización dos datos necesarios para o funcionamento destas bases.

5. A base de datos deberá incluír, polo menos, a seguinte información:

- a) O libro ou libros xenealóxicos que xestione, cos datos e a identificación dos animais e a información sobre o sistema de rexistro de xenealoxías e filiacións.
- b) Os resultados do programa de mellora.
- c) A relación de criadores cos seus efectivos.
- d) A relación das explotacións colaboradoras.
- f) Calquera outro dato de interese para a conservación e o fomento da raza.

6. As asociacións deberán dar acceso ás súas bases de datos ás administracións públicas, a cada criador ou propietario e acceso libre aos demais cidadáns que acrediten un dereito ou interese lexítimo, sen prexuízo da debida protección dos datos de carácter persoal de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a

Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e demais normativa aplicable ao respecto.

7. Para dar cumprimento ás obrigas impostas polo Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, en materia de publicidade, as asociacións deberán contar cunha páxina web onde se poderá acceder á información que, de acordo co Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, as ditas asociacións deben poñer á disposición do público e que será, polo menos, a seguinte:

- a) Información sobre o seu programa de cría.
- b) Información detallada sobre os terceiros que realizan as probas de control de rendementos e/ou avaliación xenética ou outras actividades técnicas do programa de cría.
- c) Resultados da avaliación xenética daqueles animais cuxo seme estea destinado á inseminación artificial, e información sobre defectos xenéticos e as peculiaridades xenéticas dos animais reprodutores en relación co programa de cría.

Sección 4.^a Reprodución e bancos de xermoplasma

Artigo 15. Bancos de xermoplasma.

1. As asociacións de criadores de razas puras, especialmente autóctonas, ou os servizos oficiais recoñecidos para a xestión dun programa de cría poderán promover a constitución, de forma autónoma ou en colaboración con outras institucións, de bancos de xermoplasma que deberían permitir, polo menos, a reconstitución da raza xestionada dentro do programa de cría correspondente e que será considerada a colección núcleo. Ademais da colección núcleo, os bancos de xermoplasma poderán contar con coleccións de traballo e históricas cuxo obxectivo sexa a utilización sustentable e a conservación da raza.

2. Os requisitos das ditas coleccións núcleo serán establecidos pola Comisión Nacional de Zootecnia e, ademais, deberán cumprir o resto de requisitos da normativa nacional e, de ser o caso, os da Unión Europea en materia de comercialización de material reprodutivo.

3. No caso da existencia de máis dunha asociación recoñecida para a xestión dunha raza, a dita colección deberase entender como a suma das constituídas por cada unha das asociacións recoñecidas para esa raza, para o cal as ditas asociacións definirán o contido do banco baixo a coordinación da autoridade competente para que teña a maior variabilidade xenética da raza.

4. As asociacións de criadores de razas puras ou os servizos oficiais poderán promover a constitución doutro tipo de coleccións de material xenético (células somáticas ou ADN) que teñan como obxectivo o coñecemento da información xenética dos animais participantes nos programas de cría de cara ao seu uso sustentable.

5. Os bancos de xermoplasma e outras coleccións de material xenético deberán ser recoñecidos pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se sitúen, salvo o Banco Nacional de Xermoplasma Animal previsto no artigo 16, que depende da Administración xeral do Estado, caso en que será este o que leve a cabo o dito recoñecemento a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Unha vez recoñecidos os bancos de xermoplasma, deberán ser comunicados ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a súa inscrición nun rexistro nacional de bancos de xermoplasma e outras coleccións de material xenético. O dito rexistro figurará na aplicación informática ARCA.

Artigo 16. Banco Nacional de Xermoplasma Animal.

1. O Banco Nacional de Xermoplasma Animal será a colección dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na cal se constituirá un duplicado xenético do material reprodutivo das coleccións núcleo dos bancos de xermoplasma.

2. A institución ou institucións que acollan o Banco de Xermoplasma Animal será designada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e para iso deberá cumprir os requisitos establecidos na epígrafe A do anexo II.

3. As asociacións de criadores de razas puras autóctonas poderán remitir unha copia de seguridade co duplicado xenético da súa colección núcleo ao Banco Nacional de Xermoplasma Animal co obxecto de garantir a dualidade de mostras.

4. O envío ao Banco Nacional de Xermoplasma Animal realizarase de acordo cos procedementos que ao respecto se aproben na Comisión Nacional de Zootecnia.

5. A propiedade do material depositado e os supostos de utilización rexeranse por un convenio de colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que terá unha duración máxima de quince anos.

Artigo 17. *Rede española de bancos de xermoplasma e outras coleccións de material xenético.*

1. Créase a Rede española de bancos de xermoplasma e outras coleccións de material xenético, que estará constituída por todos aqueles bancos de xermoplasma recoñecidos de acordo co artigo 15 e que soliciten adherirse á rede.

2. A Rede española de bancos de xermoplasma terá, polo menos, as seguintes funcións:

a) Permitir a coordinación e cooperación entre bancos de xermoplasma, asociacións de criadores de razas puras, investigadores e administracións públicas.

b) Contribuír aos obxectivos xerais dos bancos de xermoplasma que a compoñen, facilitar unha mellora da súa calidade e apoialos na consecución dos seus obxectivos particulares.

c) Promover o intercambio de información e a creación de bases de datos específicas para bancos de xermoplasma e mellorar desta maneira a información e a avaliación das coleccións de recursos zootenéticos conservados *ex situ*.

d) Contribuír á constitución dun duplicado de seguridade no Banco Nacional de Xermoplasma Animal.

e) Promover a harmonización dos procedementos de conservación e utilización do material reprodutivo almacenado, así como a harmonización de modelos de acordo, acceso, propiedade e utilización do material reprodutivo almacenado.

f) Xerar sinerxías entre bancos de xermoplasma que permitan mellorar a súa eficiencia, especialmente no caso de razas presentes en máis dunha comunidade autónoma.

g) Representar nos foros ou proxectos internacionais (a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) as actuacións de conservación *ex situ* realizadas no noso país.

h) Fomentar o uso do material criopreservado con fins de investigación, favorecendo a caracterización xenómica e a optimización da criopreservación de material xenético.

3. En ARCA almacenarase a información do material existente nos bancos de xermoplasma e outras coleccións de material xenético, segundo determine a Comisión Nacional de Zootecnia.

Sección 5.^a Laboratorios de xenética, centros cualificados de xenética animal e centros nacionais de referencia

Artigo 18. *Laboratorios de xenética molecular animal.*

1. Os laboratorios de xenética molecular animal deberán ser recoñecidos pola comunidade autónoma onde se sitúen, salvo que o dito laboratorio sexa dependente da Administración xeral do Estado, caso en que será o Ministerio de Agricultura, Pesca e

Alimentación o encargado de levar a cabo o dito recoñecemento, ou que se trate dun laboratorio internacional.

2. A autoridade competente responsable do recoñecemento de laboratorio de xenética molecular animal deberá comunicalo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o seu rexistro na aplicación informática ARCA. A Comisión Nacional de Zootecnia acordará a información que debe conter o citado rexistro.

3. As análises xenéticas ou intervencións sobre o xenoma dos animais de especies gandeiras recollidas nos programas de cría para efectos do previsto neste real decreto só se poderán levar a cabo en laboratorios de xenética molecular animal recoñecidos oficialmente.

4. Os laboratorios de xenética molecular animal deberán empregar métodos que ofrezan garantías para as análises xenéticas que realicen, tendo en conta os avances técnicos e as recomendacións dos centros de referencia da Unión Europea, do ICAR ou da Sociedade Internacional de Xenética Animal, de acordo co artigo 22 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e informarán anualmente o/s centro/s nacional/is de referencia de xenética animal das súas actividades.

Artigo 19. *Centros cualificados de xenética animal.*

1. Os centros cualificados de xenética animal designados polas asociacións de criadores de razas puras para levaren a cabo a avaliación xenética e outras actividades técnicas do programa de cría serán recoñecidos polas autoridades competentes das comunidades autónomas onde se sitúen, salvo que o dito centro dependa da Administración xeral do Estado, caso en que a designación será responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ou que se trate dun centro internacional.

2. Unha vez recoñecidos, as autoridades competentes das comunidades autónomas comunicarán o recoñecemento ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que os rexistrará na aplicación informática ARCA.

3. Só os centros recoñecidos polas autoridades competentes poderán levar a cabo as avaliacións xenéticas dos programas de cría aprobados oficialmente.

4. En caso de que existan varios centros cualificados de xenética animal para unha mesma raza, os ditos centros deberanse coordinar para que os métodos empregados permitan realizar unha avaliación equivalente de todos os animais da raza.

Artigo 20. *Centros nacionais de referencia.*

1. Os centros nacionais de referencia zootécnicos para as distintas especies e aptitudes produtivas serán designados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coas funcións previstas no anexo III.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá designar un centro nacional de referencia de xenética animal cuxo fin será o de harmonizar e homologar técnicas de xenotipado para a verificación da identidade, intervencións sobre o xenoma e análises xenéticas das especies gandeiras a nivel nacional, así como actuar, de ser o caso, como interlocutor e representante dos intereses nacionais nesta materia nos centros de referencia da Unión Europea que se designen, e noutras organizacións da Unión Europea ou internacionais. As técnicas e os métodos que empreguen axustaranse ao establecido no artigo 22 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

Sección 6.^a Difusión da mellora e certames de gando selecto

Artigo 21. *Programa de difusión da mellora e certames de gando selecto.*

1. Cada asociación de criadores de razas puras poderá establecer e nese caso presentar, para a súa aprobación pola autoridade competente, un programa de difusión da

mellora da súa raza, que complementará o programa de cría aprobado para esa raza e que incluíra, polo menos, as actuacións previstas e os datos de que dispoña relativos a:

- a) Asesoramento zootécnico ás explotacións.
- b) Formación aos gandeiros.
- c) Publicacións, catálogos de reprodutores e programas de divulgación da raza e do seus produtos e utilidades.
- d) Programas de distribución de doses seminais, embrións e material xenético, para as probas de descendencia ou, de ser o caso, de monta natural, ou cesión de reprodutores.
- e) Certames de gando selecto e outras exhibicións ou probas.
- f) Organización e venda de reprodutores selectos e material xenético.
- g) Plans de promoción e exportación.

Artigo 22. Tipos de certames de gando selecto.

1. En función da súa finalidade, os certames de gando selecto poden ser das seguintes modalidades, independentes ou combinadas entre si:

- a) Concurso de raza: aquel que, con carácter monográfico, reúna animais dunha raza para cualificar e, de ser o caso, premiar os exemplares en función da súa morfoloxía ou controis de rendemento, de acordo co regulamento establecido para estes efectos.
- b) Poxa de raza: aquela en que participen exemplares inscritos no libro xenealóxico desa raza, onde o gando se licita en pública poxa e o destino dos animais é a reprodución nas explotacións pertencentes ás gandarías a que foron adxudicados. Poderanse celebrar poxas virtuais ou telemáticas.
- c) Exposición de raza: aquela en que participan exemplares inscritos no libro xenealóxico da súa raza, na cal poden concorrer diferentes especies e razas e cuxo obxectivo principal é a súa propia exhibición ou a das súas características funcionais.
- d) Certames mixtos: calquera combinación dos anteriormente expresados.

2. En función do ámbito territorial ou da procedencia das razas participantes, que poden pertencer a unha ou a varias especies, os certames poden ser autonómicos, nacionais ou internacionais.

Artigo 23. Requisitos.

1. Sen prexuízo dos requisitos sanitarios establecidos na normativa de sanidade animal, os certames de gando selecto deberán, así mesmo, estar autorizados antes da súa celebración polo órgano competente da comunidade autónoma, de acordo coa normativa vixente en cada momento. Para este efecto, no caso dos certames de carácter nacional, deberán cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer dunhas instalacións e de medios adecuados para a súa función, especialmente aloxamentos e pistas de exhibición de gando, instalacións de manexo de gando e oficinas independentes e correctamente equipadas, que permitan cumprir debidamente a normativa aplicable.
- b) Admitir unicamente animais inscritos en libros xenealóxicos, sempre que tanto estes coma as explotacións de procedencia cumpran as condicións de zootecnia, sanidade e benestar animal establecidas normativamente, sen discriminación por razón da orixe.
- c) No caso das poxas nacionais de gando, salvo para as razas ameazadas, admitir unicamente animais que teñan valoración xenética positiva de acordo co seu programa de cría ou que sexan descendentes de animais mellorantes.

2. A autoridade competente supervisará a realización do certame polos medios oportunos, que poderán incluír, de ser o caso, a designación dun director técnico.

3. No caso das poxas virtuais, a Asociación de Criadores de Razas Puras deberá definir nun regulamento as condicións da súa realización e será responsable da súa comunicación á autoridade competente.

Artigo 24. *Calendario.*

1. O calendario oficial dos certames de gando selecto de carácter nacional aprobarao o director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. As asociacións de criadores de razas puras oficialmente recoñecidas e/ou as asociacións de segundo grao presentarán ante a dita dirección xeral, na data que esta determine, a proposta dos certames de carácter nacional que terán lugar o ano seguinte, con indicación de datas, lugares, especies e razas participantes.

Sección 7.^a Órganos de coordinación

Artigo 25. *Comisión Nacional de Zootecnia.*

1. Créase a Comisión Nacional de Zootecnia como órgano colexiado de carácter interadministrativo, adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios.

2. Son funcións da Comisión Nacional de Zootecnia:

a) Servir de órgano permanente de relación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia de zootecnia e, de ser o caso, exercer de órgano de estudo, análise e proposta de actuacións zootécnicas sobre as razas e as súas asociacións.

b) O seguimento e a coordinación coas comunidades autónomas da execución da normativa vixente, en materia de razas gandeiras obxecto do Programa nacional.

c) A revisión periódica da evolución da dita execución, propoñendo as modificacións precisas para un eficaz cumprimento dos obxectivos ou elevando, de ser o caso, propostas normativas.

d) Desenvolver e emitir informe sobre procedementos e especificacións técnicas para a aplicación do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e deste real decreto en razas puras e en porcino híbrido, en concreto, para o recoñecemento de asociacións e razas de todas as especies do catálogo, a súa clasificación, subcategorización e grao de ameaza, a avaliación dos programas de cría, o contido do Sistema nacional de información e outras actividades zootécnicas de interese.

e) Emitir informe, con carácter preceptivo, sobre as propostas de modificacións do Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, realizando o seguimento e control.

f) Emitir informe e aprobar o Plan coordinado de control oficial en materia de zootecnia e as súas modificacións e analizar os seus resultados.

g) Propoñer a realización de estudos e a solicitude de informes que se consideren necesarios das entidades científicas e representativas en materia de reprodución animal, etnozootecnia e xenética.

h) Coordinar, analizar e emitir informe sobre os aspectos técnicos relativos ao recoñecemento oficial de asociacións de criadores, de acordo co artigo 7, desta a raza incluída ou non no Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, e propoñer medidas para garantir o adecuado funcionamento das ditas entidades, así como determinar, en caso de dúbidas, a autoridade competente para o dito recoñecemento en función da distribución do censo e resolver discrepancias que poidan xurdir a este respecto.

i) Coñecer e, de ser o caso, analizar os programas de cría, así como as propostas de modificación dos oficialmente aprobados e as ampliacións do seu ámbito territorial a outros Estados membros.

j) Coordinar, avaliar e emitir informe, en materia de reprodución animal, sobre centros de reprodución e bancos de xermoplasma, fomentando a cooperación entre os distintos centros e propoñendo actuacións e regulamentacións específicas.

k) Actualizar, de ser o caso, a relación de autoridades competentes a que se refire o artigo 9, á vista da evolución do censo e doutros aspectos relativos á aplicación do presente real decreto.

3. A Comisión Nacional de Zootecnia estará composta polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral de Medios de Produción Gandeiros.

c) Vogais: en representación da Administración xeral do Estado, un funcionario da Subdirección Xeral de Medios de Produción Gandeiros designado polo presidente. En representación das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, un representante de cada unha das que acorden integrarse neste órgano, designados polo órgano autonómico competente na materia.

d) Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios designado polo presidente, con voz pero sen voto.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído polo vicepresidente.

Así mesmo, poderán asistir ás reunións da Comisión Nacional de Zootecnia, en calidade de asesores, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, en consideración á súa competencia profesional, sexan expresamente convocadas polo presidente por iniciativa propia ou por proposta de calquera outro membro da Comisión.

4. A Comisión aprobará as súas propias normas de funcionamento e, en todo o non previsto expresamente nas ditas normas e neste artigo, será de aplicación o establecido na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

5. En todo caso, a Comisión Nacional de Zootecnia reunirse, polo menos, unha vez cada semestre, e tantas veces como a situación o requira, mediante convocatoria do seu presidente. A Comisión poderá constituír grupos de traballo ou comités específicos para o estudo e a proposta de cuestións concretas.

6. O funcionamento da Comisión será atendido cos medios materiais e de persoal existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Non obstante, os gastos en concepto de indemnizacións por razón de servizo que se orixinen pola participación en reunións da Comisión serán por conta das súas respectivas administracións.

Sección 8.^a Asociacións e programas de cría excluídos do ámbito do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016

Artigo 26. Requisitos para recoñecemento e obrigas.

1. Conforme o establecido no artigo 1.5 do Regulamento (UE) 2016/2012, do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, a través desta sección regúlase a aplicación no plano nacional de programas de cría non aprobados de conformidade co artigo 8.3 e, de ser o caso, co artigo 12 do regulamento.

2. Este artigo será de aplicación ás asociacións, a outros operadores e aos animais reprodutores de raza pura das especies non recollidas no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e que estean incluídas no Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.

3. As definicións que figuran no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e neste real decreto serán aplicadas a estas especies, *mutatis mutandis* e nas condicións que lles resulten máis adecuadas, segundo o tipo de produción e de acordo co que estableza a este respecto a Comisión Nacional de Zootecnia.

4. De acordo co anterior, e para o recoñecemento oficial das asociacións que soliciten xestionar un programa de cría dunha raza concreta, deberanse acreditar, polo menos, os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica;
- b) Ter persoal suficiente e cualificado, e instalacións, material e equipamentos adecuados para aplicar eficazmente o programa de cría para o cal quere solicitar a aprobación;
- c) Ter capacidade de realizar os controis necesarios de rexistro das xenealoxías dos animais reprodutores de raza pura que deban participar neses programas de cría e contar cun número suficiente de criadores que participen en cada un dos seus programas de cría;
- d) Ter, para cada programa de cría, unha poboación suficientemente grande de animais reprodutores nos territorios xeográficos que deban abarcar eses programas de cría;
- e) Ser capaces de xerar ou ter xerado para eles e de utilizar os datos recompilados sobre os animais reprodutores que sexan precisos para levar a cabo eses programas de cría;
- f) Dispoñer dun regulamento interno adoptado de acordo cos seus estatutos e que preveña, en particular, a ausencia de discriminación entre os seus afiliados.

5. As asociacións recoñecidas deberán presentar, para a súa aprobación por parte da autoridade competente, un programa de cría que conteña, polo menos, o seguinte:

- a) O nome da raza obxecto do programa de cría e as características detalladas dela, incluída unha indicación sobre os seus trazos esenciais e o sistema de cualificación morfolóxica.
- b) Información sobre o sistema de identificación dos animais reprodutores, que debe garantir que os ditos animais unicamente se inscriban nun libro xenealóxico cando estean identificados individualmente e de conformidade co dereito da Unión Europea en materia de sanidade animal, sobre a identificación e o rexistro de animais das especies en cuestión.
- c) Información sobre o sistema de rexistro das xenealoxías dos animais reprodutores de raza pura inscritos ou rexistrados e inscribíbles en libros xenealóxicos.
- d) Medidas establecidas para garantir a fiabilidade da filiación ou control de parentesco, estrutura do libro xenealóxico ou tipo de rexistros e as normas para a súa división, así como os criterios para o rexistro de animais en cada sección.
- f) Descrición dos obxectivos de selección e de cría, cos criterios de avaliación, ben para conservación, ben para selección, incluíndo, de ser o caso, os caracteres que se deben rexistrar no control de rendementos e metodoloxía para a avaliación xenética dos animais.

6. As asociacións recoñecidas oficialmente no marco deste artigo estarán suxeitas ás exixencias establecidas no presente real decreto e no que, de acordo coas autoridades competentes, poida ser de aplicación do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, atendendo ás particularidades propias destas especies.

CAPÍTULO III

Información e rexistros

Artigo 27. *Rexistro, listaxes de asociacións e información interadministrativa.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dispoñerá dun rexistro xeral, público e informativo, de acordo co establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e os actos de execución que o desenvolven, das asociacións de criadores e, de ser o caso, servizos oficiais, onde se incluírán todas aquelas que obtivesen o recoñecemento oficial de acordo co regulado neste real decreto, ou con anterioridade a el, tanto polo propio Ministerio como polas comunidades autónomas. Así mesmo, dispoñerá, actualizará e publicará a listaxe de autoridades competentes responsables de realizar o control oficial de acordo co establecido

no artigo 39 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

2. A súa constitución e funcionamento serán atendidos cos medios persoais e materiais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a seguinte información, para a súa incorporación ao Sistema nacional de información e para que, de ser o caso, se proceda á comunicación á Comisión Europea:

a) Información sobre as solicitudes previamente ao recoñecemento oficial dunha asociación de acordo co artigo 7 deste real decreto e, en particular, para determinar, en caso de dúbidas, a autoridade competente para resolver a dita solicitude, segundo o disposto no artigo 9, así como a listaxe das asociacións de criadores que recoñecen oficialmente as excepcións concedidas e as resolucións de denegación ou retirada de recoñecemento, cando deba ser informada a Comisión.

b) Información sobre o control oficial, de acordo co establecido no Plan coordinado de control oficial en materia de zootecnia e sobre os controis técnicos realizados no seu ámbito competencial, con detección de incumprimentos e medidas adoptadas.

c) Os nomeamentos de inspectores de raza ou outros medios que determinasen para o control técnico das razas.

d) As notificacións das asociacións de criadores do seu ámbito competencial que prevexan ampliar o territorio xeográfico de aplicación do seu programa de cría noutro Estado membro.

e) Os programas de cría aprobados no seu ámbito, así como a suspensión ou retirada da súa aprobación.

f) A listaxe de centros de reprodución e bancos de xermoplasma.

g) A listaxe dos laboratorios de xenética molecular animal, centros cualificados de xenética e centros de testaxe.

Artigo 28. *Publicidade.*

1. Mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», darase publicidade aos procedementos e resolucións de recoñecemento oficial das asociacións de ámbito estatal, así como á aprobación do programa de cría correspondente a cada recoñecemento oficial dentro do seu ámbito e, de ser o caso, ás súas modificacións e adaptacións, aplicables para a respectiva raza e entidade, con vistas ao seu debido coñecemento por parte dos criadores, propietarios e demais interesados.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dará publicidade a través do Sistema nacional de información de razas, segundo o artigo 12 deste real decreto, de todos aqueles aspectos relativos á aplicación do Programa nacional e o Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

CAPÍTULO IV

Controis oficiais zootécnicos e outras actividades oficiais

Artigo 29. *Os controis oficiais zootécnicos.*

1. A Comisión Nacional de Zootecnia desenvolverá e aprobará un plan coordinado de control oficial en materia de zootecnia, para dar cumprimento ao establecido no capítulo X do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016 e, en particular, aos aspectos relativos ao recoñecemento de asociacións e funcionamento dos programas de cría.

2. As administracións terán en conta, para efectos do control oficial, se as asociacións dispoñen de sistemas acreditados ou externos de avaliación realizados por terceiros e outros sistemas que estas poidan establecer para controlar os seus operadores.

3. A autoridade competente responsable do control oficial poderá realizar os controis con persoal propio, incluíndo as empresas públicas ou medios instrumentais propios.

Artigo 30. *Outras actividades oficiais.*

1. As administracións públicas poderán desenvolver outras actividades oficiais para a aplicación deste real decreto.

2. O control técnico da raza realizarase, no caso da Administración xeral do Estado, entre outros medios, a través do inspector de raza, e as súas funcións serán:

a) Realizar o control técnico da aplicación das normas establecidas para cada raza, contribuíndo á avaliación de risco previa ao establecemento da frecuencia dos controis oficiais, así como colaborar no seguimento de inspeccións previamente realizadas e outras actividades de control oficial.

b) Colaborar na comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos polo presente real decreto.

c) Informar sobre a situación da raza e a asociación e propoñer as actuacións que sobre o programa de cría deban ser reexaminadas.

d) Colaborar, de ser o caso, coa autoridade competente, dando cumprimento ás funcións que se lle asignen, así como na comprobación da correcta aplicación das subvencións públicas.

3. As autoridades competentes poderán adoptar as medidas oportunas e con carácter de urxencia para garantir a conservación das razas gandeiras e o seu material xenético, no caso de que existan graves riscos de extinción, para o cal se terán en conta os niveis e factores de risco que poida determinar a Comisión Nacional de Zootecnia.

4. Os controis do dereito á aplicación do tipo de dereito convencional para animais reprodutores de raza pura que entren na Unión establecidos no artigo 37 do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, serán efectuados no posto de inspección fronteirizo e polo persoal que leve a cabo os controis documentais, de identidade e físicos a que se fai referencia no artigo 4 da Directiva 91/496/CEE.

Artigo 31. *Réxime sancionador.*

O réxime de infraccións e sancións en caso de detección de incumprimentos rexerese polos artigos 3 (salvo os números 3.1.1, 3.1.5, 3.2.1, 3.2.5, 3.2.7, 3.3.2, 3.3.3 e 3.3.5), 4 (salvo os números 4.1.1, 4.2.2, 4.2.3, 4.2.4, 4.2.5, 4.2.8, 4.2.9, 4.2.10, 4.2.12 e 4.3.1) e 5 (salvo o número 3) do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e polo artigo 49 (salvo as letras a, b, c, g, j e o do número 1) do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, así como pola vixente normativa nacional ou autonómica correspondente nesta materia, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Aplicación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.*

As autoridades competentes deberán adoptar as medidas necesarias para garantir a aplicación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, no ámbito deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Ceuta e Melilla.*

O disposto neste real decreto será de aplicación ás cidades de Ceuta e Melilla, salvo no relativo aos movementos de animais desde e cara a elas desde o territorio alfandegueiro da Unión Europea.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación á presente normativa.*

1. As asociacións de criadores e as asociacións de segundo grao oficialmente recoñecidas no momento da entrada en vigor deste real decreto consideraranse recoñecidas para os efectos del, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e con este real decreto.

2. As regulamentacións dos libros xenealóxicos e os programas de mellora das razas gandeiras aprobados en virtude da normativa anterior formarán parte dos programas de cría definidos no artigo 3, e consideraranse aprobados de conformidade co Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, e con este real decreto. Así mesmo, manterán a súa vixencia os programas de difusión da mellora xa aprobados coa normativa anterior.

3. Non obstante, as asociacións e os seus programas de cría deberán cumprir todos os requisitos previstos no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, no momento da súa aplicación, o 1 de novembro de 2018, e a autoridade competente verificará o cumprimento dos ditos requisitos e a adecuación á nova normativa.

4. Os centros de reprodución, bancos de xermoplasma, laboratorios de xenética molecular animal, centros de testaxe, centros de xenética cualificados e outras entidades xa recoñecidas no momento da entrada en vigor deste real decreto consideraranse recoñecidos, ben que estarán suxeitos a esta normativa.

5. Malia o disposto na disposición derogatoria única, as regulamentacións específicas do libro xenealóxico de cada raza, recollidas na alínea e) da dita disposición, e os programas de mellora seguirán en vigor ata que a autoridade competente aprobe os correspondentes programas de cría ou as modificacións dos anteriores, en aplicación deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Listaxe de razas autóctonas e de razas ameazadas.*

Malia o previsto na disposición derogatoria única, ata que a Comisión Nacional de Zootecnia determine o grao de risco e ameaza das razas autóctonas do anexo I e para os efectos do artigo 2.24 e outros artigos afectados no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, acolleranse á definición de razas ameazadas aquelas clasificadas en perigo de extinción de acordo co anexo I do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, mentres que o resto de razas autóctonas serán consideradas de fomento.

Disposición transitoria terceira. *Programa nacional.*

O Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, recollido no Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, seguirá sendo de aplicación, no que non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, segundo o establecido no artigo 5 deste real decreto e ata que se desenvolvan as novas disposicións de acordo co presente real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do previsto na disposición transitoria segunda, quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto e, especificamente, as seguintes:

- a) O Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.
- b) O Real decreto 1108/1991, do 12 de xullo, sobre normas zootécnicas aplicables aos reprodutores porcinos híbridos.
- c) O Real decreto 52/1995, do 20 de xaneiro, polo que se establecen os principios relativos ás condicións zootécnicas e xenealóxicas aplicables á importación de animais, esperma, óvulos e embrións procedentes de terceiros países.
- d) O Real decreto 391/1992, do 21 de abril, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de animais de raza que leven ou creen libros xenealóxicos.
- e) A Orde AAA/1945/2013, do 11 de outubro, pola que se aproban as regulamentacións específicas dos libros xenealóxicos das razas bovinas Parda de Montaña, Limusina, Berrenda en Colorado, Berrenda en Negro e Lidia; razas ovinas Merina, Segureña e Rasa Aragonesa; razas cabrúas Blanca Celtibérica, Malagueña e Murciano-Granadina, e razas porcinas Landrace Belga, Pietrain, Duroc, Hampshire, Large White e Landrace.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.*

A disposición derradeira terceira do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, queda redactada como segue:

«Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias e adoptar as medidas precisas para o desenvolvemento do disposto neste real decreto e, en particular, para a modificación e inclusión no anexo de novas razas caninas, logo de informe da Comisión Nacional de Zootecnia.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios e zootécnicos aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos con vistas á realización do mercado interior.*

O Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios e zootécnicos aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos con vistas á realización do mercado interior, modifícase nos seguintes termos:

Un. No preámbulo elimínanse todas as referencias a aspectos zootécnicos e o título da norma substitúese polo texto seguinte:

«Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos con vistas á realización do mercado interior.»

Dous. O primeiro parágrafo do artigo 1 queda redactado como segue:

«Os controis veterinarios sobre os animais vivos e produtos destinados a intercambios, obxecto das disposicións nacionais e europeas enumeradas no anexo A, así como os incluídos no anexo B do presente real decreto, efectuaranse de conformidade co disposto nel.»

Tres. No artigo 2 suprímese a alínea b).

Catro. No artigo 3.1 d), o parágrafo segundo queda redactado como segue:

«Os ditos certificados ou documentos, expedidos polo veterinario oficial responsable da explotación, do centro ou do organismo de orixe, deberán acompañar o animal, os animais ou os produtos ata a súa chegada aos destinatarios.»

Cinco. O artigo 4 modifícase como segue:

a) No número 1, a letra a) queda redactada como segue:

«a) As persoas responsables da tenza de animais e de produtos incluídos no artigo 1 do presente real decreto cumpran as exixencias sanitarias nacionais ou comunitarias recollidas nel en todas as fases da produción e da comercialización.»

b) O número 3 queda redactado nos seguintes termos:

«A autoridade competente adoptará as medidas adecuadas para sancionar calquera infracción cometida contra a lexislación veterinaria por persoas físicas ou xurídicas e, en particular, cando se comprobe que os certificados, documentos ou marcas de identificación establecidos non corresponden á situación dos animais ou á das súas explotacións de orixe ou ás características reais dos produtos.»

Seis. No anexo A suprímese a parte II.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1438/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen as condicións relativas á asistencia mutua entre as autoridades administrativas dos Estados membros da CEE e a colaboración entre estes e a Comisión para asegurar unha boa aplicación das lexislacións veterinaria e zootécnica.*

O Real decreto 1438/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen as condicións relativas á asistencia mutua entre as autoridades administrativas dos Estados membros da CEE e a colaboración entre estes e a Comisión para asegurar unha boa aplicación das lexislacións veterinaria e zootécnica, queda modificado como segue:

Un. No preámbulo elimínanse todas as referencias a aspectos zootécnicos e o título substitúese polo seguinte:

«Real decreto 1438/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen as condicións relativas á asistencia mutua entre as autoridades administrativas dos Estados membros da Unión Europea e a colaboración entre estes e a Comisión para asegurar unha boa aplicación da lexislación veterinaria.»

Dous. O artigo 1 substitúese polo seguinte:

«Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto determina as condicións en que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade, Consumo e Benestar Social colaborarán a través do órgano competente co resto dos Estados membros da Unión Europea, así como cos servizos competentes da Comisión, para garantir o respecto da lexislación veterinaria.»

Tres. No artigo 2 suprímese o terceiro parágrafo, relativo á lexislación zootécnica.

Catro. O segundo parágrafo do artigo 3 substitúese polo seguinte:

«Comunicará á autoridade requirente todas as informacións, certificados, documentos ou copias certificadas conformes de que dispoña ou que obteña e que poidan permitirlle verificar o cumprimento das disposicións previstas pola lexislación veterinaria.»

Cinco. O número 1 do artigo 4 substitúese polo seguinte:

«1. Mediante petición da autoridade requirente, a autoridade requirida notificará a esta todos os actos ou decisións que emanen dos órganos competentes e que se refiran á aplicación da lexislación veterinaria.»

Seis. Os artigos 6 e 7 quedan redactados como segue:

«Artigo 6. *Operacións efectivamente comprobadas.*

Por instancia da autoridade requirente, a autoridade requirida comunicará a esta, en particular mediante informes e outros documentos ou das súas copias certificadas conformes ou extractos, todos os datos adecuados de que dispoña ou que obteña, relacionados coas operacións efectivamente comprobadas que a autoridade requirente considere que poden ser contrarias á lexislación veterinaria.

Artigo 7. *Colaboración espontánea.*

Poderá haber colaboración espontánea coas autoridades competentes doutros Estados membros e, polo tanto, sen necesidade de solicitude previa por parte destes, cando os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade, Consumo e Benestar Social o xulguen conveniente para o cumprimento da lexislación veterinaria.

No dito suposto, os ministerios citados no parágrafo anterior:

- Instarán os órganos competentes das comunidades autónomas a exercer a vixilancia a que se refire o artigo 5.
- Comunicarán canto antes ás autoridades competentes dos demais Estados membros afectados, mediante informes e outros documentos ou das súas copias certificadas compulsadas ou extractos, todos os datos de que dispoñan relacionados coas operacións que sexan ou que lles parezan ser contrarias á lexislación veterinaria e, en particular, os medios ou os métodos empregados para a execución das ditas operacións.»

Sete. As letras a) e b) do artigo 8 quedan redactadas como segue:

«a) Toda a información que consideren útil referente:

– Ás mercadorías que fosen obxecto, ou que se presupoña que o foron, de operacións contrarias á lexislación veterinaria.

– Aos métodos e procedementos utilizados, ou que se presupoña que foron utilizados, para infrinxir a dita lexislación.

b) Toda a información que se refire a insuficiencias ou lagoas da dita lexislación que a aplicación desta permitise coñecer ou supoñer.»

Oito. O artigo nove modifícase como segue:

a) O número 1 substitúese polo seguinte:

«1. Cando o órgano competente das comunidades autónomas verifícase operacións contrarias, ou que parezan contrarias, á lexislación veterinaria e presenten un interese particular no ámbito comunitario, e especialmente cando teñan ou poidan ter ramificacións noutros Estados membros, ou cando pareza posible que se realizasen operacións similares noutros Estados membros, informarase o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social dos feitos, co fin de comunicar á Comisión Europea, por iniciativa propia ou por petición xustificada desta, todas as informacións pertinentes, de ser o caso, en forma de documentos ou de copias ou extractos de documentos, que sexan necesarios para o coñecemento dos feitos.»

b) O número 3 substitúese polo seguinte:

«3. As informacións relativas ás persoas físicas ou xurídicas soamente serán obxecto das comunicacións recollidas no número 1 na medida estritamente necesaria para permitir a comprobación de operacións contrarias á lexislación veterinaria.»

Nove. O número 2 da disposición adicional cuarta substitúese polo seguinte:

«2. O número primeiro non será obstáculo para a utilización dos datos obtidos en aplicación do presente real decreto no marco de accións xudiciais ou dilixencias emprendidas como consecuencia do incumprimento da lexislación veterinaria e no referente á prevención e investigación de irregularidades en detrimento dos fondos comunitarios. A autoridade competente do Estado membro que subministrase estes datos será informada sen demora da dita utilización.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1625/2011, do 14 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas españolas.*

O Real decreto 1625/2011, do 14 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas españolas, queda modificado como segue:

Un. A letra a) do artigo 2 queda sen contido.

Dous. A letra e) do artigo 2 queda redactada como segue:

«e) Cumprir co establecido no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, relativo ás condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría, o comercio e a entrada na Unión de animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, e polo que se modifican o Regulamento (UE) n.º 652/2014 e as directivas 89/608/CEE e 90/425/CEE, do Consello, e se derrogan determinados actos no ámbito da cría animal («Regulamento sobre cría animal») e no Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro; e 1625/2011, do 14 de novembro.»

Tres. Incorporárase unha nova letra d) no número 1 do artigo 6:

«d) Realización de actividades recollidas no artigo 11 do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro; e 1625/2011, do 14 de novembro: 5 puntos.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe normativa básica, salvo o artigo 12, o artigo 13, os números 1 e 2 do artigo 27 e o artigo 28, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira sexta. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos anexos I e II deste real decreto, para a súa adaptación á normativa europea ou internacional, así como para modificar, logo de informe da Comisión Nacional de Zootecnia, o Catálogo Oficial de Razas de Gando e a clasificación de razas do anexo I, do cal se dará publicidade no Sistema ARCA da web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo da súa aprobación como regulamento con natureza de orde ministerial e da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES

ANEXO I

Catálogo Oficial de Razas de Gando de España

1. Razas autóctonas:

a) Especie bovina: Albera, Alistana-Sanabresa, Asturiana de la Montaña, Asturiana de los Valles, Avileña-Negra Ibérica (incluída a variedade Bociblanca), Berrenda en Colorado, Berrenda en Negro, Betizu, Blanca Cacereña, Bruna dels Pirineus, Cachena, Caldelá, Canaria, Cárdena Andaluza, Frieiresa, Lidia, Limiá, Mallorquina, Marismaña, Menorquina, Monchina, Morucha (incluída a variedade Negra), Murciana-Levantina, Negra Andaluza, Pajuna, Pallaresa, Palmera, Parda de Montaña, Pasiega, Pirenaica, Retinta, Rubia Galega, Sayaguesa, Serrana de Teruel, Serrana Negra, Terreña, Tudanca, Vianesa.

b) Especie ovina: Alcarreña, Ansotana, Aranesa, Canaria, Canaria de Pelo, Carranzana (incluídas as variedades Cara Rubia e Cara Negra), Cartera, Castellana (incluída a variedade Negra), Colmenareña, Chamarita, Churra Lebrijana, Churra Tensina, Churra, Guirra, Latxa, Lojeña, Maellana, Manchega (incluída a variedade Negra), Merina (incluídas as variedades Negra e Merina de los Montes Universales), Merina de Grazalema, Montesina, Navarra, Ojalada, Ojinegra de Teruel, Ovella Eivissenca, Ovella Galega, Ovella Mallorquina, Ovella Menorquina, Ovella Roja Mallorquina, Palmera, Rasa Aragonesa, Ripollesa, Roya Bilbilitana, Rubia del Molar, Sasi Ardi, Segureña, Talaverana, Xalda, Xisqueta.

c) Especie cabrúa: Azpi Gorri, Bermeya, Blanca Andaluza ou Serrana, Blanca Celtibérica, Blanca de Rasquera, Cabra de las Mesetas, Cabra Galega, Del Guadarrama, Florida, Eivissenca, Majorera, Malagueña, Mallorquina, Moncaína, Murciana-Granadina, Negra Serrana, Palmera, Payoya, Pirenaica, Retinta Tinerfeña, Verata.

D) Especie porcina: Chato Murciano, Euskal Txerria, Gochu Asturcelta, Ibérico (incluídas as variedades Entrepelado, Lampiño, Manchado de Jabugo, Torbiscal e Retinto), Negra Canaria, Porco Celta e Porc Negro Mallorquí.

e) Especie equina cabalar: Asturcón, Burguete, Caballo de las Retuertas, Caballo de Monte de País Vasco, Cabalo de Pura Raza Galega, Cavall Mallorquí, Cavall Menorquí, Cavall Pirinenc Català, Pura Raza Española (incluída a estirpe Cartujana), Hispano-Árabe, Hispano-Bretón, Jaca Navarra, Losina, Marismaña, Monchina, Pottoka.

f) Especie equina asnal: Andaluza, Ase Balear, Asno de Las Encartaciones, Catalana, Majorera, Zamorano-Leonés.

g) Especie(s) aviar(es): Andaluza Azul, Combatiente Español, Euskal Antzara, Euskal Oiloa, Galiña de Mos, Gallina Castellana Negra, Gallina Eivissenca, Gallina Empordanesa, Gallina Extremeña Azul, Gallina del Prat, Gallina del Sobrarbe, Gallina Pedresa, Indio de León, Mallorquina, Menorquina, Murciana, Pardo de León, Penedesenca, Pita Pinta, Utrerana, Valenciana de Chulilla, Oca Empordanesa.

h) Outras especies: Camello Canario, Conejo Antiguo Pardo Español, Conejo Gigante de España.

2. Razas integradas:

a) Especie bovina: Blonda de Aquitania, Charolesa, Fleckvieh, Frisona, Limusina, Parda.

b) Especie ovina: Assaf, Berrichon du Cher, Charmoise, Fleischschaf, île de France, Lacaune, Landschaff, Merino Precoz.

c) Especie porcina: Duroc, Landrace, Large White e Pietrain.

d) Especie equina cabalar: Árabe, Anglo-Árabe, Pura Sangre Inglés, Trotador Español.

3. Outras razas recoñecidas en España:

a) Especie ovina: Salz.

b) Especie equina cabalar: Caballo de Deporte Español (CDE).

ANEXO II

Requisitos do Banco Nacional de Xermoplasma Animal

- A) Requisitos do Banco Nacional de Xermoplasma Animal:
1. O centro contará, polo menos, coas seguintes instalacións:
 - a) Laboratorio adecuadamente dotado para levar a cabo a análise e o contraste do material reprodutivo, así como para o estudo da súa viabilidade.
 - b) Instalacións para o almacenamento de material xenético (esperma, oocitos, embrións, células somáticas ou ADN), con dispoñibilidade de tanques suficientes para as diferentes razas, especies e condicións sanitarias.
 - c) Equipamento informático para o tratamento da información anexa ao material depositado.
 - d) Subministración de nitróxeno líquido.
 2. En canto á localización do centro, deberá permitir unha rápida comunicación con todo o territorio peninsular, Ceuta e Melilla, e cos arquipélagos de Balears e Canarias.
 3. Deberá contar coas autorizacións necesarias de acordo co Real decreto 841/2011, do 17 de xuño, para o almacenamento de material reprodutivo das especies bovina, porcina, ovina, cabrúa e dos équidos. As ditas autorizacións deberán permitir o almacenamento de material recollido de acordo coa disposición adicional segunda do citado real decreto.
 4. Contar coas adecuadas medidas de bioseguridade e de control de accesos á colección que eviten riscos para ela.
 5. Contará con persoal especializado no manexo de material reprodutivo.
- B) Designación do Banco Nacional de Xermoplasma Animal:
- Desígnase o Centro de Selección e Reprodución Animal de Colmenar Viejo (dependente do Instituto Madrileño de Investigación e Desenvolvemento Rural, Agrario e Alimentario) como institución que acolle o Banco Nacional de Xermoplasma Animal, de acordo co artigo 16.2.

ANEXO III

Centros nacionais de referencia zootécnicos

- A) Requisitos e funcións dos centros de referencia zootécnicos:
1. Os centros deberán contar coas instalacións adecuadas para desenvolver as funcións previstas neste anexo no marco da conservación, selección e mellora gandeira, segundo a especie e aptitude produtiva de que se trate.
 2. Os centros deberán dispoñer de código de Rexistro de Explotación Gandeira e, se desenvolven funcións como centro de reprodución, cumprir co establecido no Real decreto 841/2011, do 17 de xuño, para a recollida e o almacenamento de material reprodutivo das especies bovina, porcina, ovina, cabrúa e dos équidos.
 3. Os centros deberán dispoñer dos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións e experiencia contrastada no ámbito da zootecnia.
 4. As funcións que os centros deben desenvolver son, polo menos, as seguintes:
 - a) Colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no desenvolvemento do Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e deste real decreto, así como outras actividades que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación promova e que poida propoñer a Comisión Nacional de Zootecnia.
 - b) Colaboración na ordenación zootécnica do sector, con propostas de realización e homologación dos programas de cría.

c) Colaboración nas actividades de reprodución e propostas de protocolos de actuación.

d) Desenvolvemento de actividades de interese xeral do sector gandeiro de acordo coas políticas do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e da Unión Europea, nas súas distintas liñas de actuación.

e) Colaboración na promoción das razas no ámbito nacional e internacional para facilitar o seu coñecemento, difusión e favorecer as exportacións.

f) Colaboración coas organizacións de gandeiros para o desenvolvemento e a implementación do programa de cría.

B) Designación do Centro Nacional de Referencia Zootécnico para o sector equino:

Desígnase La Yeguada de la Cartuja-Hierro del Bocado en Jerez de la Frontera (Cádiz), propiedade da sociedade EXPASA Agricultura y Ganadería Sociedad Mercantil Estatal, S.A., cuxo accionista único é o Estado español a través da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e cuxa tutela funcional exerce o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como centro de referencia para o sector equino, para desenvolver as funcións da epígrafe anterior A no que se refire á especie equina.